

03/2024.- ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DO DÍA 09/02/2024

No salón de sesións da Casa do Concello das Pontes de García Rodríguez, o día 09 de febreiro de 2024, ás oito horas e nove minutos reúnen, baixo a presidencia do primeiro tenente de alcalde asistido da secretaria que referenda, os concelleiros e concelleiras que se relacionan, co fin de desenvolver a sesión extraordinaria urxente do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

PRESIDENTE:

Antonio Alonso Román (Decreto de substitución 266/2024, do 09 de febreiro)

CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS:

Ana M^a Pena Purriños

Elena López Seco

María Tania Pardo Cabarcos

Roberto Rivera Rego

Lorena Tenreiro Blanco

Francisco da Silva Vello

María Jesús Romero Franco

M^a del Carmen Dopico Rodríguez

Fernando Vilaboy Ledo

NON ASISTEN CON ESCUSA:

Valentín González Formoso

Carmela Franco Caaveiro

Diego Balsa Bellas

SECRETARIA:

Marina Núñez Orjales

Aberta a sesión, trátanse os seguintes asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1º.- RATIFICAR A URXENCIA DA SESIÓN

O presidente da sesión explicou o motivo da urxencia da sesión.

Sometida a urxencia a votación, é apreciada con seis votos a favor (PSdeG-PSOE) e catro abstencións (2 BNG e 2 PP).

2º.- APROBAR O PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS), POS+2024

O presidente da sesión da conta do ditame da Comisión Informativa de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos do día 08/02/2024.

O concelleiro delegado especial de Obras, Infraestruturas, Medio Ambiente e Medio Rural explica o contido do expediente, que ten a referencia 2023/A008/000088.

Os antecedentes de feito son os seguintes:

En data 30/11/2023 (RE núm. 202300000004539), comunicouse ao concello a asignación que lle corresponde no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan único de concellos, POS + 2024), que financia a Deputación Provincial da Coruña; a cantidade que lle corresponde ao concello das Pontes, ascende a 898.018,99 €.

As bases reguladoras do plan publicáronse no Boletín Oficial da Provincia, número 227, do día 28/11/2023.

O obxectivo do plan determínase na súa cláusula segunda.

Os concellos poderán solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignado aos seguintes obxectos:

- gasto corrente.
- realización de investimentos.
- redución da débeda do concello coa Deputación.
- Gastos sociais a través do “POS+Adicional 1/2024 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2024.

O prazo de presentación de solicitudes rematará ás 15.00 horas do venres 09/02/2024.

Os proxectos presentáronse no concello nas últimas datas.

Emitíronse os informes técnicos e xurídicos relativos aos Anexos V e VI previstos nas bases do plan.

Emitiuse o informe da Intervención municipal respecto das obras financeiramente sostibles.

O Pleno do concello á vista dos antecedentes citados e do disposto no artigo 22.2 e) e ñ) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no artigo 168.1 d) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais e nas bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan único de concellos, POS + 2024), acada o seguinte acordo por unanimidade dos concelleiros e concelleiras presentes (6 do PSdeG-PSOE, 2 do BNG e 2 do PP):

- 1º) Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2024” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2024” e con cargo á “achega provincial 2023”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2023:

Deputación

Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	505 780,81 €
Achega provincial 2023 (Excepción da Base 2.1 final)	0 €
Subtotal gasto corrente	505 780,81 €

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2024	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				Orzamento total
	Deputación	Concello			
Denominación da obra ou subministración		Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecemento auga potable)*	Total Concello	
Subtotal investimentos achega provincial 2024	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €

* O concello en sesión plenaria de data 27/03/1995 adxudicou é empresa Aquagest, SA, a concesión administrativa de explotación de servizos municipais de auga potable e rede de sumidoiros por prazo de 16 anos. En sesión plenaria de 28/03/2000 amplíase o período de execución do contrato ate o 31/03/2027. Mediante esta forma de xestión indirecta do servizo o concello transfírelle á adxudicataria o risco económico de explotación do servizo polo que o concello non pode deducirse o IVE soportado relativo a gastos de abastecemento municipal de auga potable.

ACHEGA PROVINCIAL 2023 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				Orzamento total
	Deputación	Concello			
Denominación da obra ou subministración		Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecemento auga potable)*	Total Concello	
Rehabilitación de edificación para local sociocultural na praza da Igrexa, núm. 3	312.817,10 €	0 €	0 €	0 €	312.817,10 €
Mellora de firme en avenida das Veigas e rúa Pardo Bazán	79.421,08 €	0 €	0 €	0 €	79.421,08 €
Subtotal investimentos achega provincial 2022	0 €	0 €	0 €	0 €	392 238,18 €

* O concello en sesión plenaria de data 27/03/1995 adxudicou é empresa Aquagest, SA, a concesión administrativa de explotación de servizos municipais de auga potable e rede de sumidoiros por prazo de 16 anos. En sesión plenaria de 28/03/2000 amplíase o período de execución do contrato ate o 31/03/2027. Mediante esta forma de xestión indirecta do servizo o concello transfírelle á adxudicataria o risco económico de explotación do servizo polo que o concello non pode deducirse o IVE soportado relativo a gastos de abastecemento municipal de auga potable.

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Redución de débeda coa Deputación (préstamo provincial)

D)	Deputación
Achega provincial 2024 aplicada á redución da débeda	0 €
Achega provincial 2023 aplicada á redución da débeda	0 €
Subtotal redución da débeda do concello coa deputación	0 €

E) Resumo:

POS+ 2023 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Concello				Orzamento Total
		Deputación	Concello	IVE Soportado deducible (só abastecemento auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2024	505 780,81 €	0 €	0 €	0 €	505 780,81 €
	Achega 2032 (Excep. Base 2.1)	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €
B- INVESTIMENTOS	Achega 2024	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €
	Achega 2023	392 238,18 €	0 €	0 €	0 €	392 238,18 €
C- REDUCCIÓN DÉBEDA DO CONCELLO COA DEPUTACIÓN	Achega 2024	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €
	Achega 2023					
	Achega 2024	505 780,81 €	0 €	0 €	0 €	505 780,81 €
	Achega 2023	392 238,18 €	0 €	0 €	0 €	392 238,18 €
	TOTAL	898 018, 99 €	0 €	0 €	0 €	898 018, 99 €

2º) Aprobar o Plan Complementario do ano 2024 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total da achega provincial asignada: 2024+2023)	Orzamento contrata (A)	IVE soportado deducible (B)*	Orzamento subvencionable (C= A-B)
Mellora de Servizos e Pavimentos na avenida de Lugo (Nº21-45)	165 341,15 €	0 €	165 341,15 €
Renovación Urbana na avenida das Campeiras – Fase II	112 041,49 €	0 €	112 041,49 €
Proxecto básico e de execución de mellora de servizos e pavimentos na Balsa, 2ª fase	109 053,63 €	0 €	109 053,63 €
Mellora da beirarrúa e dos servizos na marxe dereita da rúa Rego do Muíño	179 465,80 €	0 €	179 465,80 €
Reparación e mellora de firme en Gondré e O Castro	55 283,85 €	0 €	55 283,85 €
Mellora de pavimentos e servizos na avenida de Lugo entre os números 1 e 19	207 862,90 €	0 €	207 862,90 €
Mellora de firme e seguridade viaria no Paraño	109 346,76 €	0 €	109 346,76 €
Pavimentación do vial ao Niño do Azor, San Xoán do Freixo	84 542,30 €	0 €	84 542,30 €
TOTAIS	1 022 937,87 €	0 €	1 022 937,87 €

* O concello en sesión plenaria de data 27/03/1995 adxudicou é empresa Aquagest, SA, a concesión administrativa de explotación de servizos municipais de auga potable e rede de sumidoiros por prazo de 16 anos. En sesión plenaria de 28/03/2000 ampliase o período de execución do contrato ate o 31/03/2027. Mediante esta forma de xestión indirecta do servizo o concello transfírelle á adxudicataria o risco económico de explotación do servizo polo que o

concello non pode deducirse o IVE soportado relativo a gastos de abastecemento municipal de auga potable.

- 3º) Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.
- 4º) Non dividir en lotes o investimento obxecto do proxecto/prego que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2023 cos datos que se indican:

DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	ORZAMENTO DE CONTRATA DO INVESTIMENTO	MOTIVO NON DIVISIÓN EN LOTES
Rehabilitación de edificación para local sociocultural na praza da Igrexa, núm. 3	312 817,10 €	Este investimento, pola natureza do seu obxecto, non pode ser dividido en lotes que sexan obra completa.
Mellora de firme en avenida das Veigas e rúa Pardo Bazán	79 421,08 €	Este investimento podería dividirse en lotes, pero de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería xustificarse a súa non división en lotes polo seguintes motivos previstos na citada norma: Provocarían problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións
Mellora de Servizos e Pavimentos na avenida de Lugo (Nº21-45)	165 341,15 €	Este investimento podería dividirse en lotes, pero de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería xustificarse a súa non división en lotes polo seguintes motivos previstos na citada norma: Provocarían problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións
Renovación Urbana na avenida das Campeiras – Fase II	112 041,49 €	Este investimento podería dividirse en lotes, pero de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería xustificarse a súa non división en lotes polo seguintes motivos previstos na citada norma: Provocarían problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións
Proxecto básico e de execución de mellora de servizos e pavimentos na Balsa, 2ª fase	109 053,63 €	Este investimento podería dividirse en lotes, pero de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería xustificarse a súa non división en lotes polo seguintes motivos previstos na citada norma: Provocarían problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións
Mellora da beirarrúa e dos servizos na marxe dereita da rúa Rego do Muíño	179 465,80 €	Este investimento podería dividirse en lotes, pero de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería xustificarse a súa non división en lotes polo seguintes motivos previstos na citada norma: Provocarían problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións
Reparación e mellora de firme en Gondré e O Castro	55 283,85 €	Este investimento podería dividirse en lotes, pero de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería xustificarse a súa non división en lotes polo seguintes motivos previstos na citada norma: Provocarían problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións
Mellora de pavimentos e servizos na avenida de	207 862,90 €	Este investimento podería dividirse en lotes, pero de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería

Lugo entre os números 1 e 19		xustificarse a súa non división en lotes polo seguintes motivos previstos na citada norma: Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións
Mellora de firme e seguridade viaria no Paraño	109 346,76 €	Este investimento podería dividirse en lotes, pero de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería xustificarse a súa non división en lotes polo seguintes motivos previstos na citada norma: Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións
Pavimentación do vial ao Niño do Azor, San Xoán do Freixo	84 542,30 €	Este investimento, pola natureza do seu obxecto, non pode ser dividido en lotes que sexan obra completa.

Esta decisión de non dividir en lotes o obxecto do proxecto/prego indicado está xustificada pola concorrencia dos motivos válidos indicados de acordo co disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE núm. 272, do 9 de novembro de 2017), e quedará debidamente xustificada no expediente de contratación: (no expediente indicáranse as causas técnicas, económicas, xurídicas ou de outra natureza que motiven validamente a súa non división en lotes).

- 5º) Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2024 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2024 Base, se a houbera.
- 6º) Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.
- 7º) Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.
- 8º) Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 9º) Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

3º.- APROBAR O PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓNÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS), POS+ADICIONAL 1/2024, PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2024

O presidente da sesión da conta do ditame da Comisión Informativa de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos do día 08/02/2024.

A concelleira da Área de Benestar Social, Igualdade, Educación e Contratación explica o contido do expediente, que ten a referencia 2023/A002/000295. A achega provincial

preasignada do POS Adicional 1/2024, para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2024 é de 144 508,80 €.

O Pleno do concello á vista dos antecedentes citados e do disposto nas bases reguladoras do POS+Adicional 1/2024 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2024, da Deputación Provincial da Coruña, acada o seguinte acordo por unanimidade dos concelleiros e concelleiras presentes (6 do PSdeG-PSOE, 2 do BNG e 2 do PP):

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ Adicional 1/2024" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación: Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2024, 144.508,80 €.					
GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024 GASTO CORRENTE	PREVISIÓN DE GASTOS 2024	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
a. Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como reforzo ou ampliación en anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios.			0,00 €	0,00 €	0,00 €
b. Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás unidades de convivencia en risco de exclusión social segundo a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia cando exista unha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que non asegure a cobertura das necesidades básicas, como son a vivenda e gastos para o seu mantemento, alimentación, educación, gastos médicos e farmacéuticos, transporte e aqueles que consideren os servizos			0,00 €		0,00 €

sociais municipais.					
<p>c. Ampliación do servizo de axuda no fogar, tanto nas atencións de carácter básico como nas actuacións de carácter complementario, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como servizo de perruquería, xantar na casa ou comedor sobre rodas entre outras. O importe non pode ser destinado nin a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS nin a cubrir a achega municipal que xa viña achegando o Concello ao servizo previamente ás anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, neste caso só se poderían incluír os gastos correspondentes ás prazas ampliadas nas anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, non á totalidade do servizo. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.</p>	1.893.060,00 €	1.186.000,00 €	707.060,00 €	144.508,80 €	562.551,20 €
<p>d. Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a unidades de convivencia que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas</p>			0,00 €		0,00 €

polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.					
e. Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.			0,00 €		0,00 €
f. Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.			0,00 €		0,00 €
g. Alugamento de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria, tales como camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.			0,00 €		0,00 €
h. Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás unidades de convivencia consumidoras vulnerables que cumpran os requisitos recollidos na base 12.1.h.			0,00 €		0,00 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES Este importe poderá ser aplicado en calquera dos apartados anteriores na xustificación	1.893.060,00 €	1.186.000,00 €	707.060,00 €	144.508,80 €	562.551,20 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
i. Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria tales como camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais comunitarios.			0,00 €		0,00 €
j. Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais.			0,00 €		0,00 €
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024	1.893.060,00 €	1.186.000,00 €	707.060,00 €	144.508,80 €	562.551,20 €
I. IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES				144.508,80 €	
II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento técnico asistencial para cesión (i)				0,00 €	
III. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento para o desenvolvemento dos servizos sociais municipais (j)				0,00 €	
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2024 (I + II + III)				144.508,80 €	
2.- Comprometerse a a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.					
3.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.					

REMATE DA SESIÓN

Finalmente, a presidencia dá por rematada a sesión ás nove horas e vinte e seis minutos, estendéndose dela esta acta, da que, como secretaria, certifico.

A secretaria

O presidente en funcións

Marina Núñez Orjales

Antonio Alonso Román

ARQUIVO DE VÍDEO

O arquivo correspondente a gravación realizada durante a sesión extraordinaria do Pleno da Corporación do Concello das Pontes de García Rodríguez do día 09/02/2024 é auténtico.

O arquivo de vídeo da gravación do Pleno ten o seguinte “hash” ou identificador:

7BC023992E148F3FBB1394809315A0F8D334B488CA8ABDEE702825831A6152C5

Este identificador foi calculado aplicando ao ficheiro o algoritmo SHA256. Deste xeito, no caso de que non se modifique o ficheiro de vídeo, e aplicando o mesmo algoritmo, o identificador resultante será o mesmo que consta neste documento.

A secretaria

Marina Núñez Orjales

O acceso ao vídeo pode realizarse na seguinte páxina web:

<https://aspontes-plenos.tiivii.com/?p=519&lang=gl>